

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE ACHEGA O SOLIDARIO XESTO DA DOAZÓN ATA O PARLAMENTO DE GALICIA

- A última das campañas de doazón de sangue desenvolvidas na cámara legislativa galega tivo lugar o pasado mes de maio, acadando a participación de 38 doadores

Santiago, martes 13 de decembro de 2016.- A directora da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, Marisa López García, e o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices Vieira, saudaron aos doadores e doadoras que esta mañá acudiron ata a unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, que se desprazou ata a cámara legislativa galega.

Unha unidade móbil de doazón de sangue visita polo menos dúas veces ao ano o Parlamento de Galicia, dentro da campaña de recollida de doazóns de sangue que efectúa a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue en empresas e organismos públicos e que representa o 9% de todas as doazóns recollidas anualmente en Galicia.

Agradecemento

Tanto a directora de ADOS coma o presidente do Parlamento tiveron verbas de agradecemento para os cidadáns que doan sangue habitualmente pero, en especial nesta oportunidade, a todos os deputados e deputadas e aos profesionais que desenvolven o seu traballo na cámara legislativa galega.

Neste sentido, lembrar que na última campaña de doazón desenvolvida no Parlamento de Galicia, no mes de maio do presente ano, donaron sangue 38 persoas, sendo a campaña de maior participación das celebradas na cámara galega, aínda que tanto Marisa López como Miguel Santalices manifestaron a súa confianza en mellorar este resultado na presente visita.

ADOS desexa agradecer ao Parlamento de Galicia a súa contribución á consecución dun axeitado número de doazóns de sangue, recoñecemento que fai extensivo a todos os cidadáns galegos que, nalgún momento das súas vidas, teñen doado sangue para posibilitar o desenvolvemento do intenso labor asistencial dos nosos hospitais.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE